

Texto e ilustracións: **PABLO PRESTIFILIPPO**

Tradución: **XOSÉ BALLESTEROS**

Encadernado en cartóné

40 páxinas en color. 16x16 cm.

Dispoñible en:

-Galego: "Instrucións para espertar a unha cadeira durmida"
Textos Infames. ISBN 978-84-935804-2-1

-Castelán: "Instrucciones para despertar a una silla dormida"
Textos Infames. ISBN 978-84-935804-1-4


Prezo: 10 €

FAKTORIA

DE LIBROS

INSTRUCCIÓN PARA ESPERTAR A UNHA CADEIRA DURMIDA

O método do Profesor Roxelio Troncoso para
facer da súa cadeira unha mascota



Que é unha cadeira?

É un cuadrúpedo doméstico con espaleira.

A espaleira diferénciase doutras especies caseiras, como a cama ou o can.

Adoita vivir en pequenos rabaños dentro das casas.

Tamén habita en colexios e institutos...

Despois de "Manual de calcetíns salvaxes", no que Pablo Prestifilippo facía voar a súa inesgotable fantasía e a dos lectores imaxinando que esa prenda tan -aparentemente-anodina cobraba vida propia, este novo libro achégase tamén ás raíces, aos usos e mesmo á psicoloxía doutro elemento do noso entorno cotiá: a cadeira.

- **Temática:** o absurdo, a imaxinación
- **Idade recomendada:** a partir de 7 anos
- **Aspectos destacables:** texto estruturado en capítulos; ilustracións coloristas e expresivas; xogo literario en torno aos obxectos domésticos

Así, a obra convértese nun informe científico que se remonta ás orixes prehistóricas deste sucedáneo de xirafa e árbore; identifica as partes da súa anatomía e anima o usuario a "espertar" algún deles... Unha aventura emocionante que o Profesor Roxelio Troncoso -alter ego do autor- experimenta en carne propia, o que lle custa algunha que outra sorpresa.

Fiel ao seu estilo inconfundible, cheo de sentido do humor, Prestifilippo preséntalle ao lector unha perfecta guía didáctica sobre a cadeira, destacando as vantaxes de compartir a nosa vida cunha mascota coa que podemos falar, xogar e mesmo facer ximnasia. Un relato *nonsense* que reborda surrealismo, sumido nun divertido caos de ideas e cores.

PABLO PRESTIFILIPPO (Bos Aires, 1960)

Estudou Comunicación Social en Arxentina e traballou durante varios anos en axencias de publicidade. Tamén realizou ilustracións para revistas como *Noticias*, *Play Boy*, *Greca* ou *Cosmopolitan*. En 1993 publicou en Arxentina o seu primeiro traballo de ilustración infantil, especialidade á que actualmente se dedica en exclusiva. Traballou para editoriais como Edebé, SM, Everest, Gaviota e KALANDRAKA. Nesta última publicou os álbums titulados "Que parvos son os camaleóns" e "Veciños".